

CARACTERÍSTICAS DA ORATORIA

Xénero literario que se ocupa das ORATIONES, discursos construídos polo orador ou os logógrafos e pronunciados en escenarios concretos. **É a arte de persuadir por medio da palabra.**

Este xénero está moi relacionado coa retórica, conxunto de normas teóricas encamiñadas á elaboración dunha obra literaria. Por medio da retórica (técnica para elaborar discursos), ao aplicar as súas normas, obtemos un discurso literario; polo tanto, a oratoria é unha aplicación práctica da retórica.

- A simple expresión dunha idea, por medio da palabra, grazas á retórica, convértese nunha arte, a oratoria: *ars bene dicendi* (arte de falar ben).
- Está escrito en prosa.
- A oratoria ten un fin práctico enfocado á vida pública. Na sociedade romana a participación política era un dereito e un deber do cidadán polo que todo discurso ten unha función social, encamiñado á consecución dun fin determinado. O bo orador ten nas súas mans unha poderosa arma política que lle permite conseguir votos dos cidadáns e inclinar ao seu favor a vontade do Senado. Tamén a oratoria é imprescindible nas causas xudiciais, onde o avogado debe inclinar en favor do seu cliente a vontade dos xuíces.

Segundo o escenario concreto e o tipo de auditorio distínguense tres tipos de discursos (na realidade non hai ningún discurso en estado puro):

- **discursos demostrativos:** o seu obxectivo é o encomio ou o reproche dun personaxe, pronunciado ante un público xeral, normalmente nunha reunión solemne.
- **Discursos xudiciais:** ante os xuíces dun tribunal; o seu obxectivo é acusar, defender ou reivindicar un feito pasado.
- **Discursos políticos ou deliberativos:** no senado, o seu obxectivo é persuadir do útil ou inútil dunha proposta política.

Un discurso consta de 5 partes, cada unha delas, ten un ton distinto:

- **Exordio** é o comezo do discurso e intenta captar a atención do auditorio e gañarse a súa simpatía (ton emotivo).
- **Narración**, expóñense de xeito conciso e claro os feitos sobre os que se vai a tomar unha decisión. Han de resolverse as 5 cuestións (quen, que, onde, cando, por que)
- **Divisio ou partitio** que ofrece un resumo do anterior (non é obrigatoria).
- **Argumentación:** é o núcleo do discurso e presenta probas favorables ou refuta as probas desfavorables; fai fincapé no que favorece ao orador.
- **Peroración:** parte final destinada a influír nos sentimentos do auditorio (ton emotivo).

Orixe e evolución.

- Póden citaser distintas manifestacións culturais e preliterarias que favoreceron o seu nacemento: trátase das **arengas militares**, para acrecentar o valor dos soldados antes da batalla; oracións **in toga candida**, (discursos que pronunciaban os candidatos vestidos cunha toga branca para captar votos e acceder ás distintas magistraturas); **laudationes fúnebres** (discursos pronunciados nun funeral para enxalzar as virtudes do morto). Pero non se poden considerar como oratoria xa que non son discursos desenvolvidos literariamente nin postos por escrito.
- Xorde no século II a.C. cando a cultura grega entra en contacto con Roma. Hai dúas correntes, segundo primase nun discurso a filosofía ou argumentación das ideas (aticista) ou a retórica, o adorno e disposición das palabras (asianista).
- O seu máximo representante é Cicerón, que escribe libros de oratoria: *De oratore*, *Orator*, *Brutus*, *Partitiones oratoriae*. Tamén escribe discursos políticos e xurídicos.
- Co final da república a oratoria e a desaparición da liberdade, ía converterse nun exercicio literario sen máis, desprovista de todo contido político pola falta de liberdade; no entanto, como xénero literario foi cultivada por distintos autores como Quintiliano, coa súa obra *Institutiones oratoriae*.